



www.usc.gal/gl/estudos/gaos/artes-humanidades/grao-historia-arte



Grao en Historia da Arte

www.usc.gal





Historia da Arte

A Historia da Arte é unha disciplina científica e humanística que ten como obxectivo a análise da produción artística, dos seus procesos de creación, e a súa contribución social dentro da Historia da Cultura. Entre as saídas profesionais destaca a xestión do patrimonio cultural, os museos e coleccións e as tarefas de investigación e ensino secundario e universitario.

Tipo Presencial

Área Artes e Humanidades

Centro Facultade de Xeografía e Historia
zhisdeca@usc.es

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudios/gaos/artes-humanidades/gao-historia-arte

Presentación

Interuniversitario: Non
Duración: 4 anos
Número de prazas: 85

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos que están formados por 66 créditos de formación básica, 138 de materias obrigatorias e 36 créditos optativos, que o estudante deberá escoller entre unha oferta de 72 créditos optativos.

Mobilidade e prácticas

A Universidade de Santiago, e concretamente a Facultade de Xeografía e Historia, conta con acordos e convenios de intercambio con Universidades españolas, europeas e de países non europeos, a través de programas xerais (Erasmus, SICUE) e de convenios bilaterais.

Igualmente posúe máis de cen convenios asinados para que o alumnado realice Prácticas Académicas Externas nas principais institucións, empresas e centros profesionais da nosa Comunidade.

Competencias a desenvolver

A través da actividade docente o grao en Historia da Arte pretende desenvolver o espírito analítico e crítico do alumnado en relación coa historia da cultura en xeral e a historia da arte en particular.

Tamén persigue crear a conciencia da necesidade de formarse en diversos campos interdisciplinares e no manexo de ferramentas informáticas e no uso das novas tecnoloxías como medio de estudo e difusión da obra de arte.

Obxectivos

1 Proporcionar ao alumnado coñecementos racionais

e críticos da produción artística ao longo da Historia e das súas manifestacións en distintas culturas e a través das diversas linguaxes artísticas.

- 2 Preparar ao alumnado nunha formación específica en diferentes campos, funcións e actividades propias do historiador da arte.
- 3 Coñecer as características, funcións, e as liñas básicas da arte nas súas diferentes manifestacións, ao longo do discorrer histórico e no marco das distintas culturas, así como as causas primordiais desas características, funcións e evolución, incardinando sempre a obra de arte co contexto social, económico, político, ideolóxico, relixioso e individual no que se xestou e conectándoa con outras formas de expresión artística ou manifestación cultural.
- 4 Coñecer as diferentes linguaxes formais e visuais, así como, as distintas técnicas artísticas utilizadas pola humanidade ao longo da historia.
- 5 Coñecer a teoría da arte e o pensamento estético no seu discorrer histórico e dentro dos diferentes contextos culturais, sociais, económicos, políticos, ideolóxicos, relixiosos, que condicionaron os discursos, a estética, a función, as técnicas e as linguaxes formais da Arte.
- 6 Coñecer especificamente as fontes, as tendencias, os artistas e as obras máis importantes e representativos da Historia da Arte no marco de diferentes culturas.

Saídas profesionais

O 58% das saídas profesionais gardan unha relación directa co ámbito do patrimonio cultural en calquera das súas expresións. Así mesmo, este grupo se complementa cun 25% dedicado ás tarefas de investigación e ensino. Por outra banda, naqueles campos profesionais de carácter emerxente, impulsados a través das novas TIC, percíbese un progresivo incremento, aínda que só un 5% dos enquisados declara traballar no ámbito da produción, documentación e divulgación de contidos. Finalmente, en clara competencia con outras áreas das Humanidades, un 12% dos egresados en Historia da Arte atopou emprego en campos profesionais xenéricos como bibliotecas, arquivos, asesorías, etc.

